

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 26 DE SETEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e seis de setembro de dous mil trece, xuntáronse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia, o concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta de sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o día vinte e sete de xuño de dous mil trece, de conformidade co disposto no artigo 9.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á acta da sesión anterior.

Polo concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Duro Costoya, solicítase rectificación da acta da sesión anterior no punto de rogos e preguntas, parágrafo primeiro, indicando que onde figura "... D. Álvaro Fontecoba Vázquez ..." Debe figurar: "... D. Antonio Duro Costoya ...", a continuación, por unanimidade con dez votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto o Pleno **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en data 27/06/2013 coa rectificación indicada nos considerandos en relación co punto de rogos e preguntas.

2.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC N° 16/2013 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2013

Pola Secretaría dase lectura o dictame da comisión informativa permanente especial de contas de data 23/09/2013 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito **partida 16.623 Benestar comunitario inversión nova maquinaria por importe de 11.901,87 €**
Financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ter que facer fronte á xustificación da subvención da Xunta de Galicia por importe de 55.542,02 para adquisición desta cargadora.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 para esta partida vinculada cuantitativa e cualitativamente en si mesma.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública."

Explica o Alcalde que con este suplemento aportarase a parte que lle corresponde a Boimorto nesta subvención para adquisición de retroexcavadora , que foi outorgada a este Concello e a Sobrado.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito **partida 16.623 Benestar comunitario inversión nova maquinaria por importe de 11.901,87 €**
Financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ter que facer fronte á xustificación da subvención da Xunta de Galicia por importe de 55.542,02 para adquisición desta cargadora.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 para esta partida vinculada cuantitativa e cualitativamente en si mesma.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

3.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MC N° 17/2013 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 3/2013

Pola Secretaría dase lectura o ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 23/09/2013 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais tal e como segue:

17.633 Medio ambiente maquinaria + 1.260€

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.-Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar a partida vinculada cuantitativa e cualitativamente en si mesma no capítulo 6 .

Cuarto . - Tramitar o expediente axustandose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Explica o Alcalde esta modificación en inversións para a cuadrilla de incendios sendo necesaria a aportación municipal do ive.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais tal e como segue:

17.633 Medio ambiente maquinaria + 1.260€

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.-Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar a partida vinculada cuantitativa e cualitativamente en si mesma no capítulo 6 .

Cuarto . - Tramitar o expediente axustandose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de

aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

4.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MC Nº 18/2013 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 3/2013

Pola Secretaría dase lectura o ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 23/09/2013 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica, creando a seguinte partida:

A) 33.13001 Cultura Persoal laboral horas extraordinarias 15.000€ financiados con baixa por anulación nos gastos de persoal auxiliar administrativo praza vacante baixa NAS PARTIDAS 92. 12004/12006/12100 ATA 15000€

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente e estar relacionado coa celebración neste Concello do Festival de la Luz ano 2013.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Di o Alcalde que se trata de gratificar os servizos dos traballadores no Festival de la Luz realizados antes e despois da súa celebración sen que se incrementen gastos de persoal xa que o crédito sácase de gastos en animador deportivo non utilizados por estar en excedencia.

Di que quere recoñecer a labor destes traballadores a favor deste Concello recoñecendo o seu esforzo neste e outros eventos, di que inda que a lei non permite agora incrementos salariais debería estudiarse o recoñecemento económico con Relación de postos de traballos destas funcións, valorando de forma adecuada cada posto e as súas funcións, conclúe indicando a necesidade de recoñecemento non só institucional senón económico defendendo o traballo dos traballadores das administracións públicas e indicando que non todos son iguais nin todos merecen perder as súas pagas extra, di que os Concellos son necesarios polos servizos que prestan e que non son o problema deste país.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas sinala que non entende que un Concello non poda premiar ou penalizar os seus traballadores que hai que pagar os traballos realizados a costa do seu tempo persoal, que non comparte a idea de facer fixos a tódolos traballadores xa que podería hipotecarse o Concello pero sí pagar os seus traballos.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica, creando a seguinte partida:

A) 33.13001 Cultura Persoal laboral horas extraordinarias 15.000€ financiados con baixa por anulación nos gastos de persoal auxiliar administrativo praza vacante baixa NAS PARTIDAS 92. 12004/12006/12100 ATA 15000€

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente e estar relacionado coa celebración neste Concello do Festival de la Luz ano 2013.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

5.- DITAME PARA APROBACIÓN MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N° 1 DO IBI

Pola Secretaría dase lectura o ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 23/09/2013 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PRIMEIRO: O proxecto de modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmobles e conforme coas necesidades económicas do Concello, sendo necesaria a regulación actualizada deste tributo conforme a legalidade vixente e o establecemento de novo tipo de gravamen para inmobles de natureza rústica baixando de 0,90 a 0,5 modificando o artigo 13.b) nestes termos da ordenanza fiscal vixente tal e como se reflexa en anexo a este acordo.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004, esta modificación da Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

TERCEIRO: Expoñe-lo expediente a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., por un prazo de 30 días hábiles , como mínimo, para que poidan presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

CUARTO: No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004.

ANEXO PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL N° 1 REGULADORA DO IBI

Disposición final

Explica o Alcalde brevemente esta baixada impositiva pola entrada en vigor de nova ponencia de valores que permite ir por debaixo do 0,60 esixido na normativa actual.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO: O proxecto de modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmobles e conforme coas necesidades económicas do Concello, sendo necesaria a regulación actualizada deste tributo conforme a legalidade vixente e o establecemento de novo tipo de gravamen para inmobles de natureza rústica baixando de 0,90 a 0,5 modificando o artigo 13.b) nestes termos da ordenanza fiscal vixente tal e como se reflexa en anexo a este acordo.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004, esta modificación da Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

TERCEIRO: Expoñe-lo expediente a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., por un prazo de 30 días

hábiles , como mínimo, para que poidan presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

CUARTO: No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004.

ANEXO PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IBI

Disposición final

6.- DITAME PARA APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO ACORDO MUNICIPAL REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS

Pola Secretaría dase lectura o ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 23/09/2013 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a modificación do artigo 3 da ordenanza nº 19 reguladora do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, en virtude dos acordos aos que chegou o Consello de Administración da S.A, de Xestión do Plan Xacobeo celebrado con data 28/2/2013 polos que se establece un prezo de 6€ iva incluído por usuario e noite de peregrino (acordo comunicado a este Concello con entrada o 1/7/2013 nº 1170) aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 desta ordenanza onde pon 5€ por 6€ .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, para entrada en vigor desta modificación unha vez publicada no BOP.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a modificación do artigo 3 da ordenanza nº 19 reguladora do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, en virtude dos acordos aos que chegou o Consello de Administración da S.A, de Xestión do Plan Xacobeo celebrado con data 28/2/2013 polos que se establece un prezo de 6€ iva incluído por usuario e noite de peregrino (acordo comunicado a este Concello con entrada o 1/7/2013 nº 1170) aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 desta ordenanza onde pon 5€ por 6€ .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, para entrada en vigor desta modificación unha vez publicada no BOP.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA LEVANTAMENTO REPARO SUSPENSIVO

Pola Secretaría dase conta da emisión de informe de reparo suspensivo en relación co decreto da Alcaldía nº 202 de data 16/07/2013 sobre compra de parcela para ampliación da residencia por 65.000€ sen atender a advertencias desta secretaría intervención por non estar en vigor partida orzamentaria ata 16/08/2013 tendo que rexistrarse contablemente dito pago como pendente de aplicación.

INFORME DE REPARO SUSPENSIVO FALTA DE PARTIDA ORZAMENTARIA PARA ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE PARA AMPLIACIÓN DA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA .

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria do Concello de Boimorto (A Coruña), en exercicio das funcións atribuídas no artigo 214.2A) do texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo ,en aplicación dos artigos 214 e 215 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo emito nota de reparo de carácter suspensivo tendo en conta as seguintes consideracións

NORMATIVA APLICABLE

NORMATIVA CONTRACTUAL:

Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público.

RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.
RD 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007
Prego de condicións administrativas económico particulares que rexe a contratación desta obra.

NORMATIVA XERAL.

- .- Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- .- Lei 7/1985 de bases do réxime local .
- .- Texto refundido de réxime local aprobado por Real Decreto lexilativo 781/1986 e demais normativa aplicable
- .- Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Visto decreto da Alcaldía 202 de data 16/07/2013 no que se acorda a pesar do advertido en informe desta secretaría intervención a compra de ben inmobile parcela para ampliación da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto por 65.000€ .

CONSIDERACIÓNS :

1.- Vista a modificación de crédito , por crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2012 2/2013 aprobado inicialmente polo pleno municipal en sesión ordinaria de data 27/06/2013 para ter crédito para adquisición de dita parcela e que está en exposición pública ata o día 2/08/2013 polo que non hai partida orzamentaria para a realización de gastos por 65.000€ a data 17/06/2013 para adquisición desta parcela.

Esta INTERVENCIÓN emite nota de reparo de carácter suspensivo, tendo en conta as seguintes consideracións :

En aplicación do artigo 216 TRLRHL sobre efectos dos reparos este reparo é de carácter suspensivo xa que sinala este artigo de forma literal:

Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado.

Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito

POLO QUE A COMPETENCIA DE LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO E PLENARIA .

II) VALIDACIÓN E PROCEDEMENTO

Procede a convalidación do gasto e recoñecemento da débeda.,posto que, de conformidade ó estipulado no artigo 173 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, as obrigas de pago serán esixibles cando resulten de execución xudicial firme. Non obstante, as normas presupostarias e a xurisprudencia constante declaran a obriga da Administración de facer fronte ás obrigas adquiridas ó marxe do procedemento legalmente establecido xa que se a prestación foi realizada a Administración está obrigada o pago do seu importe impedindose de esta forma, que se produza o enriquecemento inxusto por aquela.

Non debería pagarse a factura sen previa dotación orzamentaria integra en vigor para facerlle fronte rematada a tramitación do expediente de modificación de créditos realizado para dotar partida con contía para a aportación municipal , e sen o levantamento de reparo suspensivo polo Pleno.

III) RESPONSABILIDADES.

A validación do gasto non exime da esixencia de responsabilidades definidas no artigo 173 do TRLRFL RDLex 2/2004 de 5 de marzo, nin penais en que se poidera incurrir, incluídos terceiros, nas actuacións dos cales, non exista boa fé.

Boimorto a 17 de xullo de 2013

A INTERVENTORA,

Asdo. Rebeca Vázquez Vázquez

Este e o meu informe formado por tres páxinas que salvo erro ou omisión involuntaria . emito en interpretación e aplicación da lexislación vixente

Boimorto 17/07/2013

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

Sinala o Alcalde que acordou facer o pago o día da elevación a escritura pública da compra da parcela antes da entrada en vigor da modificación orzamentaria para ter crédito en pártida, estando en exposición pública o expediente .

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE; catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Salvar e levantar o reparo suspensivo da intervención por xa ter a partida crédito suficiente para que se poda imputar e rexistrar o gasto de compra de parcela para ampliación da residencia.

SEGUNDO.- Dar conformidade á imputación do pago a unha conta non orzamentaria en pendentes de aplicación en tanto non se habilitou crédito orzamentario adecuado ordeando a imputación adecuada do gasto na data de entrada en vigor do crédito extraordinario por importe de 65.000€ na partida 23.621.

8.- PROPOSTA DA ALCALDIA APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaria dase lectura á proposta de acordo relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

“

PROPOSTA DE ACORDO.

Esta Alcaldía, propón que o Pleno municipal acorde:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de funcionamento da Residencia para persoas maiores do Concello de Boimorto no seu artigo 5 que quedaría redactado como segue:

Artigo 5.- Permiso de inicio da actividade

A Residencia conta co permiso de inicio de actividades concedido pola Xunta de Galicia en datas 10/10/2011 e autorización para modificación substancial de data 26/8/2013, e ten capacidade para nº de prazas 29 residenciais e 1 enfermaría .

O centro xerontolóxico está localizado na Rúa Gándara do Concello de Boimorto
O teléfono do centro é : 981516210

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Boimorto 18 de setembro de 2013
O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de funcionamento da Residencia para persoas maiores do Concello de Boimorto no seu artigo 5 que quedaría redactado como segue:

Artigo 5.- Permiso de inicio da actividade

A Residencia conta co permiso de inicio de actividades concedido pola Xunta de Galicia en datas 10/10/2011 e autorización para modificación substancial de data 26/8/2013, e ten capacidade para nº de prazas 29 residenciais e 1 enfermaría.

O centro xerontolóxico está localizado na Rúa Gándara do Concello de Boimorto
O teléfono do centro é : 981516210

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

9.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO ELIMINANDO FICHEIROS

Pola Secretaria dase lectura á proposta de acordo relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO ELIMINANDO FICHEIROS “

Visto escrito con rexistro de entrada neste Concello 1595 en data 19/8/2013 da Axencia Española de Protección de datos no que se informa que faltan en relación cós ficheiros de CONTABILIDADE, NOMINAS RENTAS E LAISTAMENTOS o nivel de medidas de seguridade ficheiros en estado activo publicados en BOP de 1994 coas finalidades de xestión de alistamentos, control persoalizado de deudores e acreedores, xestión retributiva de empregados e control de deudores, con códigos de inscrición ; 1942970771/1942970767/1942970770/1942970768.

Tendo en conta a ordenanza vixente nesta materia de 2012 modificada en 2013 e a necesidade de eliminación deste ficheiros de 1994 Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solicitar da Axencia Española de Protección de datos a eliminación da inscrición dos ficheiros de CONTABILIDADE, NOMINAS RENTAS E ALISTAMENTOS en estado activo publicados en BOP de 1994 coas finalidades de xestión de alistamentos, control persoalizado de deudores e acreedores, xestión retributiva de empregados e control de deudores, con códigos de inscrición ; 1942970771/1942970767/1942970770/1942970768.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada á Axencia Española de Protección de datos trala continua-la tramitación do expediente para derrogar o Regulamento para a creación modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal aprobado polo pleno municipal en data 17/8/1994 , remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto, a 18 de setembro de 2013

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez.

Di o Alcalde que e necesario derrogar e dar de baixa os ficheiros de datos de carácter persoal indicados.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Solicitar da Axencia Española de Protección de datos a eliminación da inscrición dos ficheros de CONTABILIDADE, NOMINAS RENTAS E ALISTAMENTOS en estado activo publicados en BOP de 1994 coas finalidades de xestión de alistamentos, control persoalizado de deudores e acreedores, xestión retributiva de empregados e control de deudores, con códigos de inscrición ; 1942970771/1942970767/1942970770/1942970768.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada á Axencia Española de Protección de datos trala continua-la tramitación do expediente para derogar o Regulamento para a creación modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal aprobado polo pleno municipal en data 17/8/1994 , remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

10.- PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE SUBSTITUTO DO XUÍZ DE PAZ

Pola Secretaria dase lectura á proposta de acordo relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 26/09/2013

Visto o expediente tramitado para a elección do substituto do xuíz de paz do Concello de Boimorto ante o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia A Coruña Secretaría de goberno, con entrada neste Concello nº 1178 en data 02/07/2013 no que se comunica que polo Excmo. Sr. Presidente, estando a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz substituto deste concello, acordou oficiar a este Concello para que inici novo expediente de elección de xuíz de paz substituto no prazo de tres meses en cumprimento do establecido no artigo 101.4 da LO 6/1985 de poder judicial, xa que de non facelo será nomeado directamente por esa sala de goberno, e terá que comunicarse esta decisión de non nomeamento.

Visto o informe de secretaria intervención de data 29/07/2013

Vista certificación da Secretaria da non presentación de candidatos no expediente.

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Comunicar á Sala do goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a solicitude de nomeamento de substituto de xuíz de paz do Concello de Boimorto por dita sala, o non terse presentado candidatos no Concello interesados.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Boimorto, 23 de setembro de 2013
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

11.- PROPOSTA DE ACORDO FESTIVOS LOCAIS 2014

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

<<PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 26/09/2013 EN RELACION COA DETERMINACIÓN DOS DOUS DIAS QUE TERÁN CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS NO 204 NESTE CONCELLO.

Visto o escrito da Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar con entrada neste Concello nº 1611 en data 21/08/2013 polo que se solicita que antes do día 30/09/2013 deberá remitirse por este Concello as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2014.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2014:

.- Martes de carnaval do ano 2014.

e,

.- o luns de Rosario, 1 de setembro de 2014

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2013 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

En Boimorto o 23 de setembro de 2013

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupomixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2014:

.- Martes de carnaval do ano 2014.

e,

.- o luns de Rosario, 1 de setembro de 2014

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2013 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

12.- DACIÓN DE CONTA INFORME DE INTERVENCIÓN CUMPRIMENTO NORMATIVA DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE

Pola Secretaría dase lectura ó informe relacionado con este punto da orde do día:

<<INFORME SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE LOS PLAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA EL PAGO DE OBLIGACIONES

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria- Interventora del Ayuntamiento de Boimorto de coformidad con lo dispuesto en el artículo 4.3 de la Ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , vengo a emitir el siguiente informe:

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Ley 3/2004, de 29 de diciembre , por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

- Ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre .

- RDL 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido de la ley de las haciendas locales .

-

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público..

II.- CONSIDERACIONES

En aplicación de lo establecido en la ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , en el artículo 4º.3 , en cuanto a la obligatoriedad de informar sobre el cumplimiento, por parte de esta entidad local, de los plazos previstos para el pago de las obligaciones , que se concretan en los artículos 1º.3 y . 3º.3 de esta ley , para el trámite que proceda se emite este informe:

El plazo al que se refiere el artículo 4.3 de la Ley 15/2010 es el establecido en el artículo 3º.3 de dicha ley que añade la disposición transitoria 6ª Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público..

“ El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 216 de esta ley se aplicará a partir del 1/1/2013”

Que de la ejecución presupuestaria registrada en la contabilidad municipal sobre el total de pagos materiales realizados se obtiene la siguiente información :

A) Sobre el segundo trimestre el ejercicio 2013:

a.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

	Dentro del periodo legal de pago	Fuera del periodo legal de pago
Número de operaciones	195	176
Importe total	122.133,63€	122.418,20€

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en lo siguientes apartados así :

a.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre (artículo 4.3 de la ley 15/2010)

	Dentro del periodo legal de pago	Fuera del periodo legal de pago
Número de operaciones	3	0
Importe total	5.924,15€	0,00€

a.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación (artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones 0
Importe total 0€

III.- CONCLUSIÓN

Es cuanto tengo que informar según la normativa de aplicación proponiendo que se de traslado de este informe a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y de la Xunta de Galicia de acuerdo con lo establecido en el Ley 15/2010 así como dese cuenta al Pleno en cumplimiento de lo establecido en los artículos 4 y 5 de la Ley 15/2010, y visto escrito del Consello de contas de Galicia con entrada en este Ayuntamiento el día 7/2/2012 nº 157 infórmese sobre la documentación requerida .

Este es mi informe formado por dos páginas que emito salvo error u omisión involuntaria en aplicación de la normativa vigente.

En Boimorto el 23 de septiembre de 2013

La Secretaria Interventora:

Fdo.- Rebeca Vázquez Vázquez >>

Os membros do Pleno danse por informados.

13.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 25/06/2013 a 23/09/2013, números 162 a 331.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non presentándose por outros grupos mocións o grupo municipal do PSdG.-PSOE expón as seguintes mocións:

, por unanimidade con 10 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG.-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto aceptase a urxencia destas mocións por razóns de necesidade de tramitación destes expedientes en cumprimento da normativa vixente en relación coa Conta Xeral que debe aprobarse polo Pleno municipal antes do 1/10 de cada ano en aplicación do artigo 212 .4 do TRLRFL Real Decreto legislativo 2/2004, e a outra moción por ser necesaria e urxente a recollida de ditos residuos.

MOCIÓN URXENTE PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA
26/9/2013 APROBACIÓN CONTA XERAL 2013

Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 29/05/2012, en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, procedeu ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2012 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.

Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.

Entendendo procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2012 no obstante o cal previa exposición ó público o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime convinte.

Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2012 durante quince días e oito mais , non constante , reclamacións nen observación presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2012 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Rendir a Conta Xeral do exercicio 2012 ante o Tribunal de Contas

Boimorto 26 de setembro de 2013

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2012 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Rendir a Conta Xeral do exercicio 2012 ante o Tribunal de Contas.

A continuación a Secretaría procede á lectura doutra moción:

MOCIÓN URXENTE PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA
26/9/2013

Di o Alcalde que este Convenio permitirá determinar sitios de recollida de pilas e campaña para que teña efecto sen coste para esta Administración. Remata sinalando que a Xunta apoia empresas privadas en vez de subvencionar o servizo.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

14.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde apertura este punto da orde do día e dalle a palabra solicitada por D. Xosé Luis Rivas concelleiro do grupo municipal mixto que roga que pola Alcaldía se remita un escrito á Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de protesta ante a necesidade de compartir co CEIP de Présaras un mestre de Audición e Linguaxe, o que supón que o CEIP de Boimorto tendo o dobre de alumnado que o de Présaras terá un mestre de Audición e linguaxe só dous días á semana, cando sería necesaria a súa presenza nos dous CEIP tódolos días da semana xa que non podes deixar o fillo con problemas de audición e linguaxe en mans de mestres non preparados.

A continuación o mesmo concelleiro roga o arranxo da baixada onde se fixo o Saneamento de Romelas xa que o desnivel causa danos nos coches e dí que tamén é perigosa a colocación dos contenedores no alto cando fai vento forte.

O Alcalde dalle a palabra á voceira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo Gómez que roga á Alcaldía que en nome do seu grupo felicite os traballadores do Concello de Boimorto polos traballos realizados no Festival de la Luz xa que era impresionante.

Pregunta o concelleiro do grupo municipal mixto á Alcaldía porque foi necesario crear un grupo de protección civil municipal. Resposta o Alcalde que cando empezaron co Festival pediron a colaboración de Protección Civil de Arzúa e antes estaban contratados polo Grumir agora non, dí que o ano pasado decepcionou a actuación de membros de Protección civil que non eran de Arzúa e viñan a comer e non a facer o seu labor polo que se decidiu este ano por crear un

voluntariado de protección civil cos nosos veciños e funcionou, xa que os que viñeron de Santiago e Betanzos viñeron a comer e beber, sendo importante a labor dos nosos veciños os que só se lles pagaron dietas e fixeron unha labor fundamental.

A continuación intervén a Alcaldía sinalando:

1.- ¿Como non se apoia dende as administracións superiores, Xunta de Galicia e Deputación Provincial que están para apoio e cooperación con municipios do seu territorio, o Festival de la Luz? ¿Pasan da cultura? ¿É un tema político? Que triste, pero que saiban que o facemos nós sós, sen un euro e o facemos ben, aínda que limiten a publicidade do evento.

2.- ¿Non me reciben por vergoña? Acudirei á prensa a informar que a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña pasan dun evento no rural, con aforo de 10.000 persoas e non aportan nin un euro para apoialo, aínda que sexa beneficioso para o comercio da comarca, aínda que sexa importante culturalmente, aínda que xenere riqueza e turismo, pasan.

3.- ¿E o albergue de peregrinos e a Telleira que podemos facer dende esta Corporación para rentabilizar estes servizos? ¿Tamén van negarnos o seu apoio?

4.- Que saiba este Pleno que tampouco se impulsa por estas administracións, Xunta de Galicia e Deputación Provincial a Residencia, o Centro municipal de maiores, o PAI ¿prefiren que se afundan? Pois en Boimorto aínda non se van afundir, porque somos capaces de xestionalos, crear emprego e facelos rendables, aínda que non axuden, aínda que incluso intenten parar o crecemento deste municipio.

5.- Que lle pode parecer aos galegos que unha Administración Autonómica non apoie a cultura, o emprego, os servizos sociais, limitándose á axuda a domicilio e limitando o crecemento de municipios de menos de 5.000 habitantes. Que saiban que hai municipios de menos de 5.000 habitantes que crean servizos, emprego, non teñen débedas, crecen e loitan todos os días contra o NON das administracións superiores.

¿Que queren fusionar os que non saben xestionar e seguir malgastando?, seguir tirando diñeiro en escolas infantís insostibles, construíndo para favorecer á empresa privada, cando eses municipios teñen locais que rehabilitados valen perfectamente para crear escolas e puntos de atención á infancia.

6.- E se a nova lei de administración local sae para adiante, ¿que vai facer a Xunta de Galicia, absorber os nosos servizos sociais e de educación para afundilos?

7.- Para Cooperación ¿que nos van a dar?, nada non vaia a ser que sigamos facéndoos ben e Boimorto destaque demasiado.

8.- Que sepa o Pleno que cumprimos regra de gastos, normativa de morosidade, non temos débeda a longo prazo, cumprimos coa estabilidade orzamentaria e temos cartos no banco para seguir traballando e crecendo a pesar de toda a oposición a nosa política.

Os membros do grupo municipal do PsdG-PSOE aplauden a intervención do Alcalde.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:06 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez